

## MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CHANTADA SOBRE CATÁLOGO DE CAMIÑOS E INVENTARIO DE BENS E DEREITOS

De acordo e ó abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro (BOE do 22 de decembro), o Grupo Municipal Socialista do Concello de Chantada desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos días que vivimos, unha das queixas máis comúns e recurrentes dos cidadáns ten que ver cos atrancos e falta de información por parte das administracións en xeral e coa burocracia administrativa necesaria para calquera tipo de trámite.

No noso propio Concello, temos sido testigo de procedementos que se eternizaron de oficina en oficina esperando un desenlace , e que ocasiona inconvenientes para os veciños e para os propios traballadores, impotentes ante a imposibilidade de obter e de proporcionar unha resposta con certa celeridade aceptable .

Asumimos que, por desgraza, non se atopa nas mans dos políticos locais rebaixar e axilizar moitos dos procedementos, pois a nosa , coma outras administracións , réxense por normas superiores e, ata comprendemos que moitas das esixencias administrativas serven a uns precisos principios de garantía e seguridade que poderían ocasionar maiores complicacións de non cumprirse. Sen embargo, tamén podemos e debemos empregarnos a fondo en todo o que está nas nosas mans e é competencia nosa neste eido. Cremos que calquera concello ten a obriga de posuír certas ferramentas a disposición dos traballadores e da propia cidadanía coa finalidade de obter transparencia e axilidade , ademais de evitar saturación , demoras innecesarias e alonxamento dos veciños da administración máis próxima: a local.

Con certa frecuencia atopámonos conflitos, que en varias ocasións tiveron que chegar a acordos neste Pleno Municipal, que teñen a súa orixe na situación ambigua respecto da titularidade pública ou privada de camiños e estradas no noso termo municipal. Estes conflitos ocasionan tensións entre vecinos e una carga administrativa para os servizos municipais que poden ser perfectamente evitables se estivera en vigor un catálogo de estradas e camiños titularidade do Concello. Ademais de ser razoable, por outra parte é una obriga legal, pois o artigo 10.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia dispón que:

*“As entidades locais aprobarán os catálogos das estradas da súa titularidade e os inventarios de travesías correspondentes, así como as respectivas modificacións e actualizacións posteriores.”*

Non podemos obviar por tanto, que non só é unha disposición necesaria pola súa utilidade senón que con ela tamén se están a cumprir as disposicións vixentes en materia de estradas en Galicia.

Por outra parte, e tamén entrando dentro do ámbito da arquitectura básica da administración do Concello, facémonos eco doutra necesidade que pode ser cuberta cunha adecuada xestión do público. Referímonos á precariedade na que se atopan multitude de cesións de locais a asociación de vecinos, culturais, deportivas ou sociais ou incluso á negativa a realización destas cesións. O Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, posibilita esta cesión de inmobles, mais previamente é preciso elaborar un inventario dos seus bens e dereitos.

Este inventario e a obrigatoriedade da súa existencia ben regulado no artigo 32.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, que afirma que:

*“Las Administraciones públicas están obligadas a inventariar los bienes y derechos que integran su patrimonio, haciendo constar, con el suficiente detalle, las menciones necesarias para su identificación y las que resulten precisas para reflejar su situación jurídica y el destino o uso a que están siendo dedicados.”*

Consideramos elemental que o Concello xestione o seu patrimonio con eficiencia, economía e racionalidade. E a primeira pedra que debe poñerse é que sexa coñecedor dos bens e dereitos do que é titular. A partires desa base, cremos de xustiza que as cesións de utilización de locais municipais se faga con transparencia e con seguridade xurídica, cos documentos onde consten as obrigas e dereitos das partes e proporcione a todos as garantías necesarias.

Finalmente, e dentro do xa citado ánimo de transparencia e seguridade xurídica que inspira esta iniciativa, consideramos necesario que estes documentos sexan accesibles a toda a veciñanza a través da propia páxina web e a Sede Electrónica do Concello, facilitando a súa consulta ante calquera dúbida coa maior rapidez.

Entendemos, de igual xeito, que se trata dun traballo que precisa tempo para a súa elaboración, exposición pública e aprobación, e neste sentido consideramos que deberíamos comezar canto antes á vez que se da un prazo razoable para a presentación ante o Pleno Municipal os documentos.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes:


#### **ACORDOS**

- 1) Instar ó Goberno municipal para que elabore e propoña ó Pleno Municipal no prazo dun ano o Catálogo de Estradas e Inventario de Travesías do Concello de Chantada en cumprimento da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.



- 2) Instar ó Goberno municipal para que elabore e propoña ó Pleno Municipal no prazo dun ano o inventario de bens e dereitos do Concello de Chantada, en cumprimento da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- 3) Establecer un proceso participativo cara á veciñanza na elaboración do proxecto de documentos anteriormente citados, facilitando toda a información, celebrando xuntanzas informativas nas parroquias do Concello e un prazo de exposición pública razoable, presencialmente e na páxina web do Concello, para a recepción de alegacións.
- 4) Publicar os documentos citados nos apartados anteriores no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal, así como na Sede Electrónica do Concello de Chantada.

Chantada, 16 de setembro de 2019,



Asdo. Raquel López Rodríguez  
Voceira do Grupo Municipal Socialista  
Concello de Chantada